

## **Contrato programa 2026-2027**

**Centro Tecnológico do Mar - Fundación  
CETMAR**

|                                                                                |    |
|--------------------------------------------------------------------------------|----|
| INTRODUCCIÓN .....                                                             | 3  |
| PRIMEIRO: NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO .....                                     | 3  |
| SEGUNDO: FINALIDADE E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.....                                | 4  |
| TERCEIRO: A NATUREZA DOS CONTRATOS PROGRAMA.....                               | 6  |
| CLÁUSULAS.....                                                                 | 7  |
| 1    OBJECTO E ESTRUCTURA DO CONTRATO PROGRAMA .....                           | 7  |
| 2    VIXENCIA DO CONTRATO .....                                                | 7  |
| 3    Diagnose.....                                                             | 7  |
| 3.1    DA ACTIVIDADE.....                                                      | 7  |
| 3.2    Fontes de financiamento.....                                            | 8  |
| 3.3    Estrutura organizativa e de persoal.....                                | 10 |
| 3.4    ANÁLISE DE SITUACIÓN FINANCEIRA.....                                    | 13 |
| 3.4.1    Situación patrimonial.....                                            | 13 |
| 3.4.2    Análise da conta de perdas de ganancias.....                          | 14 |
| 3.4.3    Xustificación e importe global do Contrato programa.....              | 18 |
| 4    MISIÓN E VISIÓN.....                                                      | 18 |
| 4.1    Misión .....                                                            | 18 |
| 4.2    Visión .....                                                            | 18 |
| 5    OBXECTIVOS no marco do contrato programa.....                             | 18 |
| 5.1    Obxectivos ou eixes estratéxicos e operativos ou de segundo nivel ..... | 19 |
| 6    MARCO ECONÓMICO-FINANCEIRO. PREVISIÓN.....                                | 26 |
| 7    COMPROMISOS DAS PARTES.....                                               | 29 |
| 8    COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL .....                                    | 29 |
| 9    BENEFICIOS E RESPONSABILIDADES.....                                       | 30 |
| 10   PROCEDEMENTO PARA A INTRODUCIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS.....      | 31 |
| 11   ANEXO I.....                                                              | 31 |

## INTRODUCCIÓN

### PRIMEIRO: NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

A Fundación Centro Tecnolóxico do Mar–Fundación CETMAR constitúese ante o notario de Santiago de Compostela o 12 de xuño de 2001 (nº de protocolo 1940/01). Os seus promotores son a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado, a través da Secretaría de Estado de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación.

A Fundación ten como obxecto fomentar e/ou executar todas aquelas accións necesarias para unha conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.


Con sede en Galicia, desde onde desenvolve principalmente as súas actividades, o seu ámbito de actuación esténdese ao contexto nacional, europeo e internacional, sendo beneficiarios da súa actividade todos os sectores públicos e privados relacionados co mar. O domicilio social da Fundación está en Vigo, na rúa Eduardo Cabello, s/n, Bouzas.

A Fundación está clasificada pola Consellería de Presidencia e Administración Pública como **de interese benéfico-social** e adscrita á Consellería do Mar, que exercerá plenamente o Protectorado (Orde de 2 de xullo de 2001, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 136, do 13 de xullo de 2001).

En canto ao réxime xeral, o CETMAR foi declarado de interese galego, por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG nº 145, do 27 de xullo de 2001) figurando **inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2001/15**. Ao ser unha Fundación, regúlase de acordo coa Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego; polo Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Rexerase tamén polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais de mecenado, publicada no BOE nº 307 do 24 de decembro de 2002; a Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, publicada no BOE nº 310 de 27 de decembro de 2002 e o Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Pola súa condición de **fundación do sector público de Galicia** tamén lle é de aplicación a normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; a lexislación xeral de subvencións; a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especialmente o relativo á contratación polo procedemento de contrato menor, e a normativa da función pública de Galicia, nos aspectos que procedan.



Atendendo aos seus fins e obxectivos estatutarios, e ao que o Artigo 3 da Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación establece para definir o Sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, o CETMAR forma parte dos axentes do sector público autonómico que integran este Sistema.

Incorpóranse, ademais, as disposicións legislativas da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.




Figura 1: Localización de CETMAR

## SEGUNDO: FINALIDADE E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A institución ten por obxecto, segundo o art. 6 dos seus estatutos, fomentar e/ou executar todas aquelas accións necesarias para unha conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e os seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Tamén é un obxectivo primordial do CETMAR o de integrar e optimizar os recursos de I+D+i no ámbito mariño, sustentando a toma de decisións da Administración e o desenvolvemento do tecido económico e social relacionado co mar e seus produtos.

O art. 7 dos estatutos da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar, establece como fins máis específicos da súa actividade, os seguintes:

- a) Optimizar o rendemento dos equipos e infraestruturas dedicados á investigación por medio da colaboración interinstitucional e a actuación interdisciplinar.
- b) A recompilación e análise dos sistemas de información dispoñibles en relación co estado de coñecemento en cada área incluíndo bases de datos técnicos, bibliográficos e documentais.

- c) A análise de perspectiva científico-técnica nos diferentes ámbitos de actividade nacional e internacional.
- d) A formulación de propostas e recomendacións aos axentes activos do sector (tecnoloxías emerxentes, recomendacións de organismos internacionais, novidades nas distintas áreas etc.)
- e) A realización de accións executivas concretas fronte a demandas puntuais (análises, informes, asesoramento, axuda nas propostas e realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional).
- f) A realización de actividades de promoción, asesoramento e apoio ás empresas para a súa dinamización, incorporación e participación no ámbito da I+D+i.
- g) A colaboración con institucións, empresas e persoas sobre calquera materia relacionada co mar e os seus recursos nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.
- h) A promoción, colaboración e organización de cursos, grupos de traballo e reunións técnicas e científicas.
- i) A divulgación e difusión daqueles traballos e resultados de investigación que se considere de interese.
- j) O desenvolvemento de proxectos e prestación de servizos tecnolóxicos no ámbito das tecnoloxías mariñas.
- k) A busca e obtención de recursos para o desenvolvemento das súas actividades ou daquelas en colaboración con outras entidades no ámbito previsto nos seus estatutos.
- l) Calquera outra actividade que se considere de interese para o obxecto da Fundación.

CETMAR nace como un centro de coordinación interinstitucional na contorna da investigación mariña e pesqueira. Por iso as seguintes institucións participan no principal órgano reitor da entidade:

- Xunta de Galicia, a través das Consellerías do Mar; Economía e Industria; Medio Ambiente e Cambio Climático; e Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030, a través da Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN).
- Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).
- Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Universidade da Coruña (UDC).
- Universidade de Vigo (UVIGO).
- Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (ANFACO-CECOPECA).

- Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR).

Este órgano de goberno, na actualidade, coa única excepción da Consellería do Mar e Secretaría Xeral de Universidades (esta última a través dunha achega de carácter menor) non participa no financiamento de base da entidade. Se ben algunhas actividades concretas reciben apoios puntuais dos outros departamentos das administracións representados neste padroado, trátase sempre dun financiamento finalista, asociado a compromisos de execución concretos.

As actividades que o Centro leva a cabo están aliñadas cos múltiples instrumentos derivados das políticas europeas, nacionais e autonómicas relevantes no ámbito das súas competencias, e en coherencia cos Obxectivos de Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible (ODS). A través da súa actividade o CETMAR contribúe a un paradigma de desenvolvemento con base no coñecemento e na innovación; máis sostible, baseado no fomento da xestión responsable dos recursos e do medio natural, que permitan a maior resiliencia da economía e das comunidades relacionadas co mar fronte aos desafíos do cambio global, e un crecemento integrador, orientado a reforzar o emprego e a cohesión social e territorial. A súa estrutura fundacional permite que a entidade desenvolva a súa actividade en estreita colaboración coas institucións que forman parte do seu padroado para afrontar tales desafíos.

#### TERCEIRO: A NATUREZA DOS CONTRATOS PROGRAMA

A lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) establece no seu artigo 80 sobre a regulación do “contrato programa plurianual” que será o instrumento no que se recolla a encomenda ás entidades públicas instrumentais, na modalidade de Axencia pública autonómica, para a realización de actividades en réxime de descentralización funcional. Quedou neste artigo establecido que a aprobación deses contratos terá lugar por acordo do Consello da Xunta a proposta conxunta da consellerías competentes nas materias de administración pública e de facenda.

Así mesmo, o artigo 17 da Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, identifica esta clase de contratos cos contratos programa, cuxo ámbito de aplicación se estende a outras entidades públicas, como é o caso de CETMAR. Neste sentido, o Consello da Xunta aproba, o día 8 de marzo de 2012, a instrución pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa e a composición das comisións de control e seguimento de tales contratos.

Tendo en consideración todo o anteriormente exposto, recoñecéndose as partes capacidade para actuar, acordan establecer o Contrato programa para a Fundación CETMAR conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### 1 OBXECTO E ESTRUTURA DO CONTRATO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato programa é establecer o marco de relacións entre o CETMAR e a Xunta de Galicia e, polo tanto, sinalar os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución do obxectivo primordial fixado para esta entidade. Este é integrar e optimizar os recursos de I+D+i no ámbito mariño, sustentando a toma de decisións da administración e o desenvolvemento tecnolóxico do tecido económico e social relacionado co mar e os seus produtos, co fin último de axudar a garantir o aproveitamento sostible do medio mariño e dos seus recursos e a conservación do medio natural, en especial no que respecta ao litoral galego.

Da documentación correspondente á creación da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar dedúcese a coherencia das actuacións co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG 22-30), tendo o seu encaixe concreto no Eixo 3 – Competitividade e Crecemento, nas Prioridades de Actuación 3.5 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo, e 3.1 Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas nos Obxectivos Estratéxicos 3.5.4 – Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar, e 3.1.2 Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado

Ademais, os indicadores que se empregarán para o seguimento das actuacións son coherentes co PEG 22-30.


### 2 VIXENCIA DO CONTRATO

A vixencia do presente contrato programa comezará desde o día seguinte da súa aprobación polo Consello da Xunta, e estenderase ata o 31 de decembro de 2027.

### 3 DIAGNOSE

#### 3.1 DA ACTIVIDADE

Nos seus máis de 24 anos de traxectoria, o CETMAR tense consolidado como unha plataforma de encontro interinstitucional e interdisciplinar. A través dunha análise



da súa actividade nestes anos constátase a súa capacidade para facilitar a coordinación e a colaboración entre todos os actores interesados no ámbito marítimo-pesqueiro (ciencia, economía do mar, administración pública e sociedade) e a transferencia de coñecemento entre os mesmos. A través do seu enfoque nos usuarios, da mellora das capacidades e competencias, da colaboración e das experiencias prácticas de intervención tanto en Galicia como no exterior, a entidade avanza cara aos seus obxectivos fundacionais. Así favorece as melloras na xestión do medio e dos recursos, o desenvolvemento sostible das actividades humanas e a capacidade de desenvolver de xeito máis eficiente as políticas públicas. Pola súa traxectoria e actividade desenvolvida nestes case 25 anos, CETMAR merece ser recoñecido como o centro de referencia de coordinación da ciencia mariña en Galicia, e este Contrato programa resulta esencial para o reforzo desa posición.

Os destinatarios da actividade do CETMAR son polo tanto as administracións públicas, as persoas e organizacións do complexo mar-industria, as universidades, os centros de investigación e tecnolóxicos, os centros de formación e educativos, e a sociedade en xeral a través das súas diversas formas de organización e expresión.

Para acadar os seus obxectivos o CETMAR desenvolve a súa función principalmente a través dos seguintes tipos de actividades:

- Promovendo e desenvolvendo **redes e proxectos** de colaboración.
- Realizando **estudos a demanda** e prestando **servizos** a través de contratos, asistencias técnicas e encomendas.
- Ofrecendo e xestionando actividades de **formación, difusión, divulgación, transferencia de coñecemento e desenvolvemento de capacidades**.
- Desenvolvendo, integrando, despregando e mantendo operativas no medio **tecnoloxía de observación e monitorización** e as infraestruturas e servizos de datos relacionados.
- Levando a cabo **proxectos de cooperación ao desenvolvemento en terceiros países**.
- Vixiando e facendo prospectiva e **análise de tendencias** (tecnolóxicas, xurídicas, xeopolíticas, económicas, ambientais, sociais, etc.) que afectan aos ámbitos de traballo da entidade.

### 3.2 FONTES DE FINANCIAMENTO

Na actualidade, os medios de financiamento para facer fronte ao funcionamento da Fundación, formalízanse a través de:

- **Encomendas** de xestión coa Administración autonómica de Galicia.
- Consecución de fondos en convocatorias públicas en **concorrenza competitiva**, incluíndo diferentes fontes de financiamento nacional (programas de investigación e cooperación financiados con fondos nacionais o autonómicas), europeas e internacionais.
- **Convenios** de colaboración.

- Asistencias técnicas e **contratos de servizo** con entidades públicas e privadas, incluídas as organizacións do Padroado, sexan por designación directa dos contratantes ou competindo en procesos de licitación públicos.
- **Outras axudas (subvención nominativa)** de apoio ao funcionamento: de equipamento e infraestrutura, principalmente.




Figura 2: Orixe do financiamento do CETMAR




Figura 3. Tipoloxía e número de actividades en curso

Outra das características da actividade do CETMAR que cabe salientar nesta diagnose é o seu forte posicionamento e a traxectoria de colaboracións de ámbito internacional. Na figura que se amosa a continuación dáse conta do número de entidades coas que ten sostido algún tipo de colaboración e da súa implantación a nivel global (939 socios de 61 países e cooperación en 31 países):



Figura 4: En verde aparecen sombreados os estados do mundo cos que CETMAR leva establecidas colaboracións.

### 3.3 ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DE PERSOAL

O CETMAR organízase en sete áreas técnicas (Control e Xestión do Medio e dos Recursos Mariños, Socioeconomía da Pesca, Tecnoloxía dos Produtos Pesqueiros, Promoción e Transferencia de Tecnoloxía, Formación, Cooperación Internacional e a Unidade de Tecnoloxías Mariñas) e un área de Xerencia e Dirección, que inclúe a Secretaría Xeral.

A estrutura organizativa do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR sufriu algunhas variacións significativas desde a súa fundación, no ano 2001. A primeira e máis importante ten relación coa posta en marcha da Unidade de Tecnoloxías Mariñas (UTMAR) no ano 2008. Tamén nese ano dotáronse tres novas prazas de técnico nas áreas de Secretaría Xeral, Control e Xestión do Medio e dos Recursos Mariños e Socioeconomía da Pesca, en procesos de concurso-oposición iniciados no 2007. Ademais, realizáronse algunhas modificacións nas denominacións de determinados postos, sen consecuencias sobre as retribucións, para reflectir con máis precisión as funcións asociadas a eses postos:

- Ao persoal que se encargara desde o 2001 de coordinar o funcionamento das áreas en calidade de técnico, atribuíuselle a denominación de coordinador de área.
- Ao persoal auxiliar, atribuíuselle a denominación de Auxiliar Técnico.
- Ademais do persoal coordinador e auxiliar técnico, as áreas quedaran dotadas inicialmente dun técnico/técnica de área, e nalgún caso, como antes se indica

coa evolución da estrutura do centro, algunhas delas foron dotadas dun segundo posto de técnico.

As incorporacións de técnicos necesarios para a execución de proxectos ou contratos nos que participou e participa a Fundación CETMAR realizáronse de acordo coas instrucións da Xunta de Galicia en materia de contratación de persoal, coa autorización das DX de Orzamentos e Función Pública, formalizando contratos de carácter temporal ata a finalización da acción obxecto da contratación, mentres a normativa laboral en curso o permitiu.




Figura 5: Organigrama da Fundación CETMAR

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, obriga á estabilización dos técnicos contratados para a realización de determinadas funcións, que concatenasen contratos temporais ininterrompidamente dende 2016. Como consecuencia das obrigas derivadas desta normativa CETMAR estabilizou 8 novos técnicos incorporándoos ao cadro de persoal nos exercicios 2023 e 2024 tal e como se reflicte no organigrama da institución (Figura 5).

Por outra banda, a aprobación do Decreto 12/2024 de 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, é tamén de aplicación a, cando menos unha parte do persoal de CETMAR. Nos anos de desenvolvemento deste contrato programa prevese que o

Centro poida determinar con precisión a fracción dos postos da súa estrutura que pasen a ser obxecto do proceso de harmonización que promove o antedito Decreto, e o itinerario de promoción profesional que este leva aparelado. Sendo así, será necesario, no seu momento, facer valoración da incidencia que esta evolución do marco profesional terá na actividade e no financiamento do CETMAR.

Por último, cabe salientar que nos exercicios máis recentes, previos á sinatura deste Contrato programa, producíronse algunhas vacantes na estrutura de persoal, polo que se fixo necesaria unha actualización da RPT da entidade que queda reflectida no cadro seguinte:

A data 31 de marzo de 2026, o cadro de persoal de CETMAR ten a seguinte composición:

Táboa 1: Relación de Postos de Traballo da Fundación CETMAR.

| Denominación do posto                         | Número de prazas | (Indefinido fixo / indefinido dependente de financiamento/temporal) | Número de vacantes |
|-----------------------------------------------|------------------|---------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>Directora Xerente</b>                      | 1                | CAD                                                                 | 0                  |
| <b>Secretario Xeral</b>                       | 1                | Fixo                                                                | 0                  |
| <b>Coordinadores/as de Área</b>               | 7                | Fixo                                                                | 1                  |
| <b>Técnico de Administración</b>              | 1                | Fixo                                                                | 1                  |
| <b>Técnico bloque xerencial</b>               | 1                | Fixo                                                                | 0                  |
| <b>Webmaster</b>                              | 1                | Fixo                                                                | 0                  |
| <b>Técnicos de área</b>                       | 9                | Fixo                                                                | 2                  |
| <b>Secretario/a de dirección</b>              | 2                | Fixo                                                                | 0                  |
| <b>Auxiliar técnico de área</b>               | 7                | Fixo                                                                | 0                  |
| <b>Técnicos de proxecto</b>                   | 1                | Fixo (OPE)                                                          | 0                  |
| <b>Auxiliar técnico especialista proxecto</b> | 1                | Fixo (OPE)                                                          | 0                  |
| <b>Técnicos superiores de proxectos</b>       | 6                | Fixo (OPE)                                                          | 0                  |
| <b>Técnicos superiores de proxectos</b>       | <b>9</b>         | Indefinidos                                                         | 0                  |
| <b>Técnicos de proxecto</b>                   | 3                | Temporal                                                            | 0                  |
| <b>Técnicos Superiores de proxecto</b>        | 9                | Temporal                                                            | 0                  |

A antigüidade media do persoal fixo no CETMAR é de 16,49 anos. A antigüidade media do persoal temporal e indefinido dependente de financiamento é de 1,81.

No que respecta ás cualificacións, no cadro de persoal actual o centro conta con 28 licenciados, enxeñeiros superiores ou graduados con máster, 20 doutores, 1 titulado en ciclos formativos de grao superior, 1 en ciclo medio e 4 en graos. Se ben as

titulacións universitarias máis frecuentes son as de Ciencias do Mar e Bioloxía, unha das características máis salientables do cadro de persoal do CETMAR é a súa diversidade disciplinar, contando con máis de 20 titulacións diferentes, tanto do ámbito das ciencias experimentais como das ciencias sociais e das humanidades.

O persoal do CETMAR réxese, na actualidade, polo Convenio Provincial de Oficinas e Despachos. En cuestións puntuais, e contando co informe da favorable da Asesoría Xurídica da Consellería do Mar, adoptáronse acordos internos tomando como referencia o establecido no o V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

A formación continua do persoal xestionase de maneira coordinada cun Comité de Formación, constituído pola dirección, os representantes dos traballadores e a área de formación. Esta última desenvolve anualmente un Plan Interno de Formación, baseado nunha enquisa de detección de necesidades e cofinanciado pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego, FUNDAE. O Plan establece un reparto do bono de FUNDAE, destinando parte dos fondos a accións formativas de interese común, e distribuíndo o resto entre as áreas para permitir un investimento específico en formacións técnicas.

### 3.4 ANÁLISE DE SITUACIÓN FINANCEIRA

#### 3.4.1 Situación patrimonial

O Centro Tecnolóxico do Mar, Fundación CETMAR constituíuse no ano 2001 cunha achega de capital de seis millóns de pesetas, achegados ao 50% pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do estado, respectivamente.

Os apoios institucionais na primeira década do funcionamento da entidade e, fundamentalmente, a intensa actividade do Centro na captación de financiamento para o desenvolvemento de proxectos e servizos, permitiron que na actualidade a entidade dispoña no seu Pasivo como Fondos Propios, dunha importante base de solvencia. Ten un fondo de manobra ~~moi~~ positivo, e un valor de reservas coas que pode afrontar necesidades excepcionais en circunstancias coxunturalmente desfavorables. Todo ilo asociado a un compromiso de sostemento dos beneficios da súa actividade, conforme aos fins e obxectivos fundacionais establecidos.

As dúas táboas que se presentan a continuación amosan o valor dos resultados para os últimos cinco exercicios e a repercusión dos mesmos sobre o valor das reservas (elemento esencial no patrimonio da entidade):



Táboa 2: Resultado da conta de PeG para os exercicios 2020-2024:

|                  | 2020           | 2021           | 2022           | 2023           | 2024           |
|------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| <b>INGRESOS</b>  | 2.627.846,68 € | 2.921.094,07 € | 3.093.544,47 € | 4.095.306,53 € | 4.075.981,40 € |
| <b>GASTOS</b>    | 2.892.887,19 € | 3.166.856,41 € | 3.641.994,72 € | 4.095.828,21 € | 4.051.108,68 € |
| <b>RESULTADO</b> | -265.040,51 €  | -245.762,34 €  | -548.450,25 €  | -521,68 €      | +24.872,72 €   |

Táboa 3: Evolución dos valor das reservas da Fundación CETMAR do 2020 ao 2024:

|                           | 2020           | 2021           | 2022           | 2023           | 2024           |
|---------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| <b>Valor das RESERVAS</b> | 4.120.437,16 € | 3.855.396,65 € | 3.609.634,31 € | 3.061.184,06 € | 2.873.989,51 € |

### 3.4.2 Análise da conta de perdas de ganancias

#### 3.4.2.1 Análise do gasto

A actividade de CETMAR caracterízase por ser intensiva en persoal, concentrándose a maior parte do gasto neste concepto, así como nas contratacións e compras directamente vinculadas aos proxectos e servizos. Ademais, a entidade require dunha estrutura transversal de soporte (xestión, administración, TIC, comunicación, etc.) cuxos custos non son totalmente imputables aos proxectos, estando limitados con carácter xeral a unha porcentaxe reducida (habitualmente inferior ao 15% e ao 10% no caso de encomendas segundo a LOFAXGA).

Nos últimos anos, o gasto de persoal representa arredor do 65-67% do total, distinguíndose entre persoal directamente financiado por proxectos, persoal de estrutura parcialmente imputable e persoal de soporte transversal con limitada capacidade de imputación. Esta realidade evidencia que unha parte relevante dos custos estruturais non é absorbida pola actividade financiada, condicionando o equilibrio económico da entidade.

O resumo das masas de gasto que se ofrece a continuación ilustra con precisión a relevancia da información antes presentada, e o peso relativo das outras masas de gasto que impactan no resultado da actividade.

Táboa 4: Valor histórico das principais masas de gasto.

| GASTOS-EXERCICIO               | ANO 2020            | ANO 2021            | ANO 2022            | ANO 2023            | ANO 2024            |
|--------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| GASTOS ESPECÍFICOS ACTIVIDADES | 2.512.310,96        | 2.822.803,15        | 3.295.493,72        | 3.730.947,30        | 3.654.057,71        |
| CUSTOS INDIRECTOS E OUTROS     | 380.576,23          | 344.053,26          | 346.501,00          | 364.880,91          | 397.050,97          |
| <b>TOTAIS</b>                  | <b>2.892.887,19</b> | <b>3.166.856,41</b> | <b>3.641.994,72</b> | <b>4.095.828,21</b> | <b>4.051.108,68</b> |

### 3.4.2.2 Análise dos ingresos

No apartado 3.2 demos conta das principais fontes de ingresos coas que, con carácter xeral, o CETMAR desenvolve a súa actividade.

Táboa 5: Valor histórico das principais masas de ingreso.

| INGRESOS EJERCICIO                                  | ANO 2020            | ANO 2021            | ANO 2022            | ANO 2023            | ANO 2024            |
|-----------------------------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| A) INGRESOS DE ACTIVIDADE                           | 1.889.985,10        | 2.227.591,60        | 2.239.632,97        | 2.930.747,16        | 3.139.116,69        |
| B) OUTROS INGRESOS                                  | 527.419,46          | 516.334,10          | 692.872,32          | 854.163,17          | 819.889,49          |
| SUBVS. CAPITAL APLICADAS E INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 210.442,12          | 177.168,37          | 161.039,18          | 310.396,20          | 116.975,22          |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>                               | <b>2.627.846,68</b> | <b>2.921.094,07</b> | <b>3.093.544,47</b> | <b>4.095.306,53</b> | <b>4.075.981,40</b> |




Figura 6: Evolución dos ingresos de explotación segundo a tipoloxía de actividade

A continuación explícanse as características esenciais de cada tipoloxía de ingreso en función da actividade e o seu impacto nos resultados da entidade:

- **Encomendas, convenios e contratos de servizo** (de asignación directa ou ben en concorrencia competitiva):

Polo xeral trátase da fonte de ingresos de carácter máis atractivo para o financiamento da actividade do Centro. A actividade comprometida, desenvolvéndose

conforme aos termos contratados, é financiada na súa integridade. Dependendo da entidade contratante, se é pública ou privada, e, sendo pública, da orixe dos fondos, estas actividades poden chegar a deixar unha marxe de beneficio (excedente de ingreso sobre o gasto total directo, necesario para o seu desenvolvemento).

Do lado das dificultades asociadas a esta fonte de financiamento destacamos, que no ámbito de actividade do CETMAR, o mercado de clientes privados é moi limitado e ten, polo xeral, escasa capacidade de externalización de servizos de I+D+i. Cando a entidade contratante é a administración pública, danse dúas circunstancias que impactan no resultado destas actividades. Dunha banda a moi limitada marxe para repercutir gastos indirectos; doutra as dificultades asociadas a que as administracións públicas non sexan suxeito pasivo de IVE que o Centro debe soportar nos gastos asociados á prestación do servizo, sen poder en moitos casos recuperalo. Alén da obrigatoriedade da fundación de manter as súas iniciativas dentro dos obxectivos fundacionais, outra dificultade de carácter xeral para comprometer máis actividade baixo a modalidade de servizos a terceiros ten que ver cos procedementos administrativos. Polo xeral a prestación de servizos vía encomenda ou contrato, deixa pouco marxe ou ningún no que afecta aos prazos de execución en entrega de resultados, cando o CETMAR necesita dotarse de reforzos de persoal ou subcontratar parte dos traballos para poder acometer o servizo, adoita ter dificultades para poder responder en prazo, limitada neste aspecto polos requisitos administrativos que está obrigado a atender.

- **Proxectos.** A súa consecución está polo xeral directamente relacionada coa competitividade do centro no seu ámbito científico-técnico de operación (mentres que no caso anterior teñen máis peso o vínculo coa administración como medio propio e o prezo). CETMAR ten demostrado, neste sentido, ser unha entidade altamente competitiva, tendo conseguido financiamento en programas tan concorridos como os sucesivos Programas Marco Europeos de I+D+I, o Programa LIFE, os diferentes instrumentos de financiamento da Cooperación Interrexional (Área Atlántica, o Transfronteirizo POCTEP, SUDOE...), o programa LIFE, o Programa ERASMUS+, etc. A participación nestes programas ten dotado ao Centro dunha valiosa reputación no marco Europeo e Internacional, e se ten destacado publicamente a capacidade desta entidade para captar retornos de financiamento comunitario para Galicia, ás veces aparecendo en posicións comparables ás de entidades de dimensión moito maior, como é o caso das Universidades. Salvo no Programa Horizonte Europa, ningún outro programa de financiamento público no que a entidade poida competir cabe a posibilidade de acadar financiamientos do 100%, sendo a porcentaxe máis frecuente o 75%, e na meirande parte dos casos, financiamento de custos, sen marxe posible asociado. Como resultado destas condicións de financiamento, cada iniciativa a co-financiar leva consigo un resultado negativo no importe dese co-financiamento, só compensable polos outros mecanismos de ingreso da entidade.

Nalgúns casos nos que podería interpretarse a dotación dun financiamento ao 100%, particularmente nas convocatorias do Plan Nacional de I+D+I, os gastos

correspondentes ao persoal propio da entidade non son elixibles, porén sempre, calquera iniciativa leva consigo dedicación de horas de persoal fixo.

A participación en proxectos colaborativos tanto no marco estatal como internacional resulta esencial para o Centro a nivel reputacional. Ten un valor crítico para poder conseguir contratos de servizo e tamén, pola maior flexibilidade permitida nas execucións que polo xeral son de carácter plurianual. Resulta fundamental tamén para poder coordinar e combinar fontes de ingreso que permiten algo máis de flexibilidade na planificación das actividades coas que non o permiten. Ademais permite manter vínculos e actividades conxuntas con entidades de outros territorios e países, contribuíndo á actualización e ao posicionamento do CETMAR e de Galicia. Por último, resulta determinante tamén para manter o coñecemento ao día no que respecta a avances científico-técnicos e evolución das condicións de contorno para os sectores arredor dos que o CETMAR desenvolve a súa actividade.

- **Subvención Nominativa da Administración Autonómica:** Ao non estar asociada a unha partida de gasto ou a unha actividade determinada, resulta un financiamento fundamental para o funcionamento do centro. Cómpre neste punto destacar tamén, que nestes últimos exercicios a dedicación do persoal nas áreas técnicas da entidade nas actividades financiadas ten acadado máximos próximos ao 100%. Nesta situación por unha banda vese comprometida a capacidade de xerar novas iniciativas para exercicios futuros e por outra, con impactos xa directos sobre o exercicio 2025, a capacidade para dar resposta a unha maior demanda de traballo encomendado por parte da administración.

Outro dos factores que limitan a capacidade do CETMAR de autofinanciarse, aínda que entendemos que cunha afectación menor, ten que ver co seguinte:

Malia a súa denominación como Centro Tecnolóxico do Mar, CETMAR non pode acceder como apoio ao seu financiamento aos fondos destinados polo Goberno Central nin pola Xunta de Galicia a centros tecnolóxicos ou centros de apoio á innovación tecnolóxica, xa que requiren a inscrición no rexistro estatal, regulado polo Real Decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os Centros Tecnolóxicos e os Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal e créase o Rexistro de tales Centros.

No seu Artigo 5 detállanse os requisitos para obter a inscrición no rexistro e a correspondente habilitación como centros tecnolóxicos ou como centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal; no apartado j) indica: *"dispoñer de mecanismos para asegurar a participación efectiva do colectivo empresarial nas decisións estratéxicas do centro, a través da súa participación na composición dos órganos de goberno do mesmo. Presumirase que concorre este requisito cando a maioría dos membros con dereito a voto no seu órgano de goberno correspondan a empresas ou asociacións empresariais"*, situación que non se produce en CETMAR xa que a maioría da representación dos membros do seu padroado corresponde a organismos públicos.



### 3.4.3 Xustificación e importe global do Contrato programa

A dotación económica que se prevé asociar a estes obxectivos é aquela que permite, observando o histórico de datos máis recentes e con especial atención aos datos do último exercicio, dar cobertura á porcentaxe de gastos xerais/indirectos que non é normalmente absorbida polo financiamento obtido por outras vías. A estima realízase en termos porcentuais e trasládase a valores absolutos sobre a previsión de actividade nos próximos anos.

## 4 MISIÓN E VISIÓN

### 4.1 MISIÓN

A Misión do CETMAR ven definida como fin nos seus estatutos fundacionais: *"A Fundación ten como obxecto fomentar e/o executar todas aquelas accións necesarias para unha conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e os seus recursos, en especial no que respecta ao litoral galego, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica."*

### 4.2 VISIÓN

Continuar a ser unha referencia recoñecida a nivel autonómico, nacional e internacional en innovación e sustentabilidade mariña, contando coa implicación de todos os axentes de interese, dinamizando iniciativas de investigación e desenvolvemento en colaboración, a prol da resiliencia das comunidades costeiras, do desenvolvemento da economía do mar e da sustentabilidade. Mediante a colaboración tanto local como internacional, a xestión do coñecemento, o aproveitamento das novas tecnoloxías e da formación do capital humano, aspiramos a promover a materialización do impacto das investigacións para o uso sostible dos recursos e do medio mariños, contribuíndo ao benestar social e ao progreso; tamén á mellora da gobernanza mariña ao tempo que afrontamos os desafíos do cambio global.

## 5 OBXECTIVOS NO MARCO DO CONTRATO PROGRAMA

A parte expositiva deste Contrato recolle no seu apartado segundo o detalle dos obxectivos que se fixaron nos estatutos fundacionais de CETMAR.

Neste punto desenvólense os indicadores cuantitativos para o período de vixencia do Contrato, en consecuencia cos antecedentes expostos, coa diagnose e coa formulación da Visión, os obxectivos estratéxicos (finalistas), os instrumentais, e os económico financeiros.



## 5.1 OBXECTIVOS OU EIXES ESTRATÉGICOS E OPERATIVOS OU DE SEGUNDO NIVEL

Os obxectivos estratéxicos que se establecen para o CETMAR nos próximos anos, acadarase a través da consecución dos obxectivos operativos que se asocian a cada caso. Mentres o marco dos obxectivos estratéxicos tenderá a perdurar no tempo, os obxectivos operativos propóñense como a resposta conxuntural, que poderá alterarse para o seguinte período de contratación, sexa na súa formulación ou ben a través dos indicadores e do seu valor obxectivo. O Anexo I deste contrato programa contextualiza brevemente a relevancia estratéxica dos obxectivos que se recollen neste apartado e asocia algunhas actividades concretas ao desenvolvemento dos obxectivos de segundo nivel ou operativos.

### Obxectivo estratéxico 1 e obxectivos operativos

**A.1 Artellamento e posicionamento internacional do sistema de I+D+i do mar en Galicia:** Mellorar o **artellamento de equipos e infraestruturas** de investigación mariña en Galicia, e da relación destes cos seus usuarios así como a súa **proxección internacional** por medio da colaboración interinstitucional e interdisciplinar.

A.1.1 Iniciar cando menos 5 novos **proxectos e/ou servizos en colaboración nos ámbitos de actuación de CETMAR**, nos que participen un mínimo de 2 de entidades galegas ou establecidas en Galicia ao final do 2027.


A.1.2. Contribuír á mellora na observación mariña en Galicia a través dun obxectivo de 4 plataformas ou mostraxes no medio mariño e as súas comunidades costeiras ao final de 2027.

A.1.3 Manter a participación directa en cando menos 3 **redes** (autonómicas, nacionais e internacionais) relevantes no ámbito de traballo, no que interveñan industria, administracións, organismos de investigación, organizacións non gobernamentais, entre outros. Partindo dunha situación actual de arredor de 3 redes, establécese unha progresión que permita acadar a participación en cando menos 4 redes ao final do período de vixencia do contrato.

### Obxectivo estratéxico 2 e obxectivos operativos

**A.2 Mellora do acceso ao coñecemento do mar e das actividades que del dependen:** Mellorar e incrementar as oportunidades de **acceso ao coñecemento sobre o mar e as actividades que del dependen para todos** os estamentos da sociedade (administración, axentes económicos, cidadanía, investigación e educación, etc.).

A.2.1. **Medios de comunicación e redes sociais:** Incrementar a presenza do traballo que se desenvolve en CETMAR e do coñecemento asociado mediante a emisión de comunicacións. Partindo dunha situación actual de 15 comunicados anuais, establécese unha progresión que permita acadar un mínimo de 18 comunicados no exercicio 2026 e consolidar un obxectivo de 24 comunicados anuais ao final do período de vixencia do contrato.



A.2.2. Organización de formacións e **eventos** e participación no programa de eventos organizados por outras entidades. Partindo dunha situación actual de 6 eventos organizados e 15 eventos participados ao ano, establécese unha senda de incremento progresivo que permita acadar un mínimo de 8 eventos organizados e 20 eventos participados anuais ao final do período de vixencia do contrato.

A.2.3. Elaboración de 10 novas unidades por ano de **material informativo, didáctico e divulgativo, incluídas as memorias de actividade de CETMAR**, utilizando diferentes formatos (información na web, pósters, vídeos, infografías e material impreso). Partindo dunha situación de 8 unidades anuais, establécese unha progresión que permita acadar un mínimo de 10 unidades anuais ao final do período de vixencia do contrato.

A.2.4. Xeración e difusión de contidos dixitais: incrementar o volume de información dispoñible e o seu uso por parte dos usuarios, mediante a publicación de novos contidos e o reforzo da visibilidade das plataformas dixitais do CETMAR, establecendo unha progresión que permita acadar un mínimo de 85.000 novas entradas e accesos no exercicio 2026 e alcanzar os 90.000 no ano 2027.

### Obxectivo estratéxico 3 e obxectivos operativos

**A.3 Anticipación, prospectiva e vixilancia do contexto:** Mellorar a **capacidade de anticipación e o posicionamento das partes interesadas, e a gobernanza** no mar e nos sectores do mar a través da observación e avaliación do contexto (marco político-normativo, tecnoloxías, cambio global, economía, mercados, axentes, produtos, recursos, etc.) e da formulación de propostas, estratexias, recomendacións e apoio na toma de decisións.

A.3.1 Elaboración informes/ano de **estratexia ou prospectivos**, promovidos dende outras entidades (administracións, organismos sectoriais, etc.), particularmente cando se trate de iniciativas das administracións. Partindo dunha situación actual de elaboración dun informe anual e dunha participación puntual en iniciativas externas, establécese unha progresión que permita duplicar o número ao final do período de vixencia do contrato.

A.3.2 **Seguimento de iniciativas relacionadas coa gobernanza do mar** no plano local, estatal, europeo e internacional. Establécese como obxectivo acadar unha media de 30 actividades anuais ao final do período de vixencia do contrato. Partindo dunha situación actual de 25 actividades anuais, prevese manter este nivel no exercicio 2026 e avanzar cara ao obxectivo de 30 actividades anuais no exercicio 2027.



A.3.3 Partindo dunha situación actual de 10 **xornadas, cursos, obradoiros e actividades similares** orientadas a tratar aspectos relacionados coa gobernanza mariña, as actividades da economía do mar e a transferencia de coñecemento aos usuarios para apoiar a toma de decisións, establécese como obxectivo acadar un total de 12 actividades anuais ao final do período de vixencia do contrato.

#### Obxectivo estratéxico 4 e obxectivos operativos

**A.4 Asistencia á labor das administracións:** Prestar **asistencia directa e servir de apoio ao traballo das administracións no ámbito de actuación de CETMAR** mediante a resposta a encargos para a realización de acción executivas concretas fronte a demandas puntuais.

A.4.1. Desenvolver **encomendas** coa Xunta de Galicia.

A.4.2. Participar anualmente nun mínimo de 2 **convenios** de cooperación para actuacións en **países terceiros**.

A.4.3. Prestar **servizos** directamente contratados por **outras administracións** (UE, Estados membros, etc.)

#### Obxectivo estratéxico 5 e obxectivos operativos

**A.5 Reforzo das relacións institucionais:** Estreitar e estender as relacións de colaboración con institucións, empresas, entidades de todo tipo e persoas físicas ou xurídicas, sobre calquera materia relacionada coa sostibilidade do mar, dos seus recursos e das actividades afectas, mediante acordos ou convenios de cooperación, atendendo a sectores consolidados e emerxentes e en calquera ámbito xeográfico onde se presente a necesidade, incluíndo o contexto da cooperación ao desenvolvemento no marco internacional.

A.5.1 Establecemento de **convenios institucionais**, memorandos de entendemento ou expresións de interese na colaboración con cando menos unha organizacións durante o período de vixencia do Contrato programa.

A.5.2. Prestar servizo e establecer acordos de colaboración con outras entidades do ámbito privado (un mínimo de tres por ano), individuais e colectivas tanto para fins comerciais como sen ánimo de lucro, sempre que estean aliñados cos obxectivos fundacionais de CETMAR.

#### Obxectivo estratéxico 6 e obxectivos operativos

**A.6 Mellora da estrutura, das capacidades e dos procesos internos:** Mellorar a estrutura organizativa, a capacitación interna e a estabilidade financeira do CETMAR para poder garantir o desenvolvemento dos anteriores obxectivos estratéxicos.



A.6.1 Mellorar a capacitación a través da actualización do **plan de formación interno** no que participen como mínimo o 50% das persoas empregadas no CETMAR e cun mínimo de 5 accións formativas dirixidas a todos os traballadores. Dedicar tamén esforzos á capacitación de novos talentos mediante a acollida de un mínimo de dúas persoas/ano en prácticas de formación ao final de 2027.

A.6.2 Reorganización do equipamento, **servizos, procesos e procedementos internos** para mellorar a estrutura organizativa e a eficiencia da xestión tanto técnica como administrativa e financeira do CETMAR, poñendo especial atención na mellora das capacidades dixitais, co obxectivo de manter 1 por ano en todo o período do contrato programa.

| OBX.<br>ESTRAT<br>EXICO                                                                            | OBX.<br>OPERATI<br>V/C | VALOR<br>MEDIO | INDICADOR                                                                                                       | FONTE DE<br>VERIFICACIÓN                               | 2026 | 2027 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|------|------|
| <b>A.1.<br/>Artellamento e<br/>proxección<br/>internacional<br/>do sistema de<br/>I+D+i mariño</b> | <b>A.1.1.</b>          | 1              | Socios en Galicia por cada novo proxecto ou servizo.                                                            | Documentación acreditativa da concesión dos proxectos  | 1    | 2    |
|                                                                                                    | <b>A.1.2.</b>          | 3              | Número de plataformas ou estacións de mostraxes no medio mariño e número de comunidades costeiras participantes | Base de Datos.<br>Fotografías.<br><br>Informes.        | 3    | 4    |
|                                                                                                    | <b>A.1.3</b>           | 3              | Número de redes<br><br>Número de socios/rede                                                                    | Información sobre a composición de cada rede reportada | 3    | 4    |

|                                                                                 |        |        |                                                                                                     |                                                                                                                                     |        |        |
|---------------------------------------------------------------------------------|--------|--------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|--------|
| A.2. Mellora do acceso ao coñecemento do mar e das actividades que del dependen | A.2.1. | 15     | Número de comunicacións emitidas.<br><br>Número de medios que publicaron información sobre o CETMAR | Dossier de prensa                                                                                                                   | 18     | 24     |
|                                                                                 | A.2.2. | 6      | Eventos organizados                                                                                 | Axenda, fotografías, rexistro de asistentes                                                                                         | 6      | 8      |
|                                                                                 |        | 15     | Eventos participados                                                                                |                                                                                                                                     | 15     | 20     |
|                                                                                 | A.2.3. | 8      | Unidades informativas xeradas e número de usuarios das mesmas                                       | Unidade informativa en calquera soporte<br><br>Estatísticas de descargas, uso en xornadas, distribución por diferentes medios, etc. | 8      | 10     |
|                                                                                 | A.2.4. | 80.000 | Novas entradas de información xeradas.                                                              | Rexistro de entradas e visitas, accesos web públicos                                                                                | 85.000 | 90.000 |

|                                                                                |               |      |                                                                                     |                                                                |      |      |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------|------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|------|------|
|                                                                                |               |      | Visitas as bases de datos                                                           |                                                                |      |      |
| <b>A.3.<br/>Anticipación,<br/>prospectiva e<br/>vixilancia do<br/>contexto</b> | <b>A.3.1.</b> | 1    | Informes/publicación                                                                | Documentos xerados                                             | 1    | 2    |
|                                                                                | <b>A.3.2.</b> | 25   | Informes/resposta a consultas/presentacións orais                                   | Documentos xerados, actas                                      | 25   | 30   |
|                                                                                | <b>A.3.3.</b> | 10   | Xornadas, cursos, obradoiros e similares desenvolvidos                              | Axenda, actas, presentación, fotografías                       | 10   | 12   |
| <b>A.4. Asistencia á labor das administracións</b>                             | <b>A.4.1.</b> | 100% | % de realización das ordes de execución encomendadas                                | % de execución                                                 | 100% | 100% |
|                                                                                | <b>A.4.2.</b> | 2    | Nº de novos convenios asinados                                                      | Convenios asinados                                             | 2    | 2    |
|                                                                                | <b>A.4.3.</b> | 100% | % de realización de encargos de outras administración distintas da Xunta de Galicia | Orzamentos/ofertas aprobadas<br>Contratos<br>Facturas emitidas | 100% | 100% |
| <b>A.5. Reforzo das relacións institucionais</b>                               | <b>A.5.1.</b> | 1    | Nº de acordos vixentes                                                              | Texto dos acordos asinados                                     | 1    | 1    |

|                                                                           |               |    |                                                                                                 |                                              |    |    |
|---------------------------------------------------------------------------|---------------|----|-------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|----|----|
|                                                                           | <b>A.5.2.</b> | 3  | Nº de entidades privadas que formalizaron a súa colaboración coa Fundación CETMAR               | Colaboracións asinadas                       | 3  | 3  |
| <b>A.6. Mellora da estrutura, das capacidades e dos procesos internos</b> | <b>A.6.1.</b> | 50 | Porcentaxe de traballadores participantes nas formacións anualmente                             | Plan Interno de formación                    | 50 | 60 |
|                                                                           |               | 5  | Número de formacións acreditadas                                                                | Investimento en formación executado.         | 5  | 6  |
|                                                                           |               | 20 | Indicadores de calidade das formacións (satisfacción dos participantes e beneficio para a área) | Enquisas de calidade por formación realizada | 20 | 25 |
|                                                                           |               | 1  | Nº de estudantes en prácticas acollidos                                                         | Nº de estudantes en prácticas acollidos      | 1  | 2  |

|  |               |   |                                                                             |                                                                          |   |   |
|--|---------------|---|-----------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|---|---|
|  | <b>A.6.2.</b> | 1 | Número de procedementos mellorados<br><br>Número de acordos sobre o persoal | Procedementos, acordos e comunicacións internas realizadas e implantadas | 1 | 1 |
|--|---------------|---|-----------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|---|---|

## 6 MARCO ECONÓMICO-FINANCIERO. PREVISIÓN

O presente contrato-programa constitúe unha peza fundamental para garantir a viabilidade económico-financeira da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar – CETMAR nos vindeiros exercicios.

Tanto a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, como a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, consagran como principio básico da xestión orzamentaria a estabilidade, entendida como a capacidade de financiar as políticas de gasto sen incorrer en déficit estrutural. En aplicación deste principio, a definición das políticas de gasto realizarase atendendo, en todo caso, aos criterios de eficacia, eficiencia e optimización dos recursos públicos dispoñibles.

Durante a vixencia do presente contrato-programa, os recursos orzamentarios asignados a CETMAR destinaranse á consecución dos obxectivos estratéxicos e operativos nel previstos, nun marco de racionalización e optimización do gasto. Respecto da senda financeira, e tendo en conta o programa operativo de fondos europeos correspondente ao período de vixencia do contrato, as dotacións económicas recollidas teñen carácter estimativo e están suxeitas ás variacións que poidan derivarse da evolución do contexto económico, financeiro e orzamentario.

A estrutura de financiamento de CETMAR presenta unha elevada dependencia da captación de recursos externos mediante a concorrència competitiva a convocatorias de proxectos de investigación, innovación e cooperación, así como da formalización de asistencias técnicas e da execución de encomendas de xestión.

Este importe distribúese porcentualmente para cada un dos obxectivos estratéxicos propostos, considerando o peso e a dependencia que cada un deles ten na consecución da estabilidade financeira:

| Obxectivo estratéxico (enunciado sintético)                                     | Porcentaxe asociado ao financiamento do contrato programa |
|---------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| A.1. Artellamento e proxección internacional do sistema de I+D+i mariño         | 20%                                                       |
| A.2. Mellora do acceso ao coñecemento do mar e das actividades que del dependen | 15%                                                       |
| A.3. Anticipación, prospectiva e vixilancia do contexto                         | 10%                                                       |
| A.4. Asistencia á labor das administración                                      | 20%                                                       |
| A.5. Reforzo das relacións institucionais                                       | 5%                                                        |
| A.6. Capacitación e mellora dos procesos internos                               | 30%                                                       |

## IMPACTO DO FINANCIAMENTO

| Previsión de ingresos e gastos                | 2026                | 2027                |
|-----------------------------------------------|---------------------|---------------------|
| <b>INGRESOS</b>                               | <b>4.548.636,00</b> | <b>4.547.604,00</b> |
| Contrato Programa                             | 779.413,00          | 779.413,00          |
| Subvencións, doazóns e legados de explotación | 7.000,00            | 7.000,00            |
| Ingresos propios da actividade con factura    | 2.636.056,00        | 2.636.056,00        |
| Ingresos proxectos internacional              | 163.956,00          | 196.748,00          |
| Ingresos proxectos nacional e europeo         | 929.086,00          | 896.294,00          |
| Ingresos financeiros                          | 25.000,00           | 25.000,00           |
| Subvencións de capital traspasadas            | 8.125,00            | 7.093,00            |
| <b>GASTOS</b>                                 | <b>4.548.636,00</b> | <b>4.547.604,00</b> |
| Persoal                                       | 3.241.811,00        | 3.241.811,00        |
| Gastos financeiros                            | 11.071,00           | 11.071,00           |
| Amortizacións                                 | 8.125,00            | 7.093,00            |
| Servizos e compras directas                   | 1.284.629,00        | 1.284.629,00        |
| Tributos                                      | 3.000,00            | 3.000,00            |
| Resultado previsto para o exercicio           | <b>0,00</b>         | <b>0,00</b>         |

Respecto ao marco orzamentario, as dotacións previstas no contrato programa quedan supeditadas ao que se estableza nas leis de Orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada unha das anualidades, polo que estas dotacións considéranse indicativas.

A consecución de resultados en termos de superávit nos próximos exercicios deberá ir destinado ás prioridades seguintes:

- Contribuír progresivamente a recuperar as reservas estatutarias
- Mellorar as infraestruturas materiais e dixitais e os servizos que o CETMAR utiliza para o desenvolvemento da súa actividade
- Mellorar as condicións e oportunidades para a captación de talento e a mellora do desempeño da actividade.

#### Cobertura de déficits

No suposto de que, durante a vixencia do presente contrato-programa se produzan desviacións negativas derivadas do incumprimento das estimacións de ingresos previstas para algunha das anualidades, ou doutros factores que afecten ao equilibrio económico-financeiro da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar – CETMAR –entre eles a variabilidade inherente á captación de recursos mediante concorrencia competitiva a proxectos, asistencia técnica ou encomendas de xestión—, ditas desviacións serán analizadas atendendo ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais existentes en cada momento.

Con carácter xeral, os eventuais déficits deberán ser obxecto de medidas correctoras orientadas a preservar o equilibrio económico-financeiro da entidade, priorizando a reprogramación e optimización do gasto e a revisión da planificación das actuacións, sen prexuízo de garantir a continuidade da actividade ordinaria e o cumprimento das funcións públicas encomendadas a CETMAR.

Cando as desviacións negativas non sexan imputables a unha deficiente previsión ou xestión por parte de CETMAR, senón a circunstancias sobrevidas alleas á vontade e actividade da entidade, a Dirección de CETMAR deberá elevar ao seu Padroado un informe explicativo no que se detallen as causas das devanditas desviacións, a previsión de que poidan reiterarse en exercicios posteriores, así como o impacto que poidan ter na consecución dos obxectivos establecidos no contrato-programa.

Así mesmo, no devandito informe proporanse, de ser o caso, as modificacións ou adaptacións necesarias no contido do contrato-programa como consecuencia dos déficits producidos, incluíndo o alcance das mesmas, todo iso sen prexuízo das competencias que correspondan á Comisión de Seguimento e Control e ao Consello da Xunta de Galicia nos termos previstos no propio contrato-programa e na normativa vixente de aplicación.

## 7 COMPROMISOS DAS PARTES

Por parte de Xunta de Galicia:

- Achegar os recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos do CETMAR, segundo o establecido no contrato programa, e recollidos nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2026 e 2027.
- Facer seguimento, facilitar e orientar o desenvolvemento e o aliñamento da estratexia de CETMAR coa estratexia da Xunta de Galicia e, en particular, cos obxectivos estratéxicos da Consellería do Mar.

Por parte do CETMAR:

- Acadar o cumprimento dos obxectivos establecidos no contrato programa, acreditar o cumprimento a través dos indicadores e dos medios de verificación que se propoñen e xustificar debidamente as desviacións sobre a previsión.
- Dar conta destes avances ao Padroado da Fundación e aprobar no seo deste órgano a planificación de actividades sexa no marco dunha anualidade intermedia da súa vixencia ou previa novación do contrato.
- Dar visibilidade ao soporte estrutural que permite o contrato programa mediante o uso da imaxe corporativa da Xunta de Galicia en combinación co logotipo propio da entidade instrumental.

## 8 COMISIÓN DE SEGUIMENTO E CONTROL

Constitúese unha comisión paritaria de seguimento e control que estará integrada por catro persoas:

- Un/Unha representante da consellería competente en materia de planificación e orzamentos que exercerá a presidencia da comisión.
- Un/Unha representante da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa.
- Un/Unha representante da Consellería do Mar.
- Un/Unha representante do CETMAR, que exercerá as funcións de secretaría da comisión.

Esta comisión de seguimento e control elaborará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario.

Así mesmo, antes do final do período de vixencia do contrato programa, esta comisión elaborará un informe global sobre o seu grao de cumprimento e propondrá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión de Seguimento e Control reunirase semestralmente e sempre que un dos seus membros o solicite. A



programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

## 9 BENEFICIOS E RESPONSABILIDADES

CETMAR adecuará a súa actuación ao presente contrato programa, cando menos durante a súa vixencia. Para avaliar a súa efectividade, establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores, de tal xeito que se entenderá que CETMAR desenvolveu con éxito o contrato programa se polo menos dá cumprimento ao 75% dos seus obxectivos estratéxicos.

Acádase un obxectivo estratéxico cando se obtén un resultado favorable, como mínimo, no 60% dos obxectivos operativos que forman parte do obxectivo estratéxico.

Os indicadores recollidos neste contrato son a ferramenta que se utilizará para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor previsto para estes, en media, no 70 % do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

Un grao de incumprimento dos obxectivos operativos entre o do 50% dará lugar a medidas correctivas máis non á esixencia de responsabilidades directas. Para o cálculo da minoración terase en conta o orzamento asociado ao(s) obxectivo(s) estratéxico(s) que acadasen un grao de cumprimento inferior ao 75% dos seus obxectivos operativos e a porcentaxe de desviación acadada.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen de mutuo acordo ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade do CETMAR.

En caso de incumprimento de máis do 50% dos obxectivos operativos, o Padroado de CETMAR, por iniciativa propia ou a proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor previsto e as causas do seu incumprimento, de probarse asociadas a un problema de desempeño, levarán consigo medidas de apercibimento, que de se producir de maneira reiterada –(en dúas ou máis ocasións) dará lugar a mecanismos de sanción.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento dalgún membro do equipo directivo, o Padroado poderá aprobar o seu cesamento, sen prexuízo da concorrência doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o valor estándar do 80% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área, de conformidade co previsto no presente contrato programa, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado considere axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.



## 10 PROCEDEMENTO PARA A INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura nin aos obxectivos estratéxicos do contrato programa, serán aprobadas polo Padroado de CETMAR.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do contrato programa nos seguintes casos:

- Se os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen a CETMAR do financiamento nominal previsto neste contrato programa.
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos operativos e dos correspondentes indicadores.
- A variación dos valores estándar dos indicadores establecidos en máis dun 40%.

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.

## 11 ANEXO I

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>A.1 Artellamento e proxección internacional do sistema de I+D+i mariño</b><br>Está directamente relacionado cos obxectivos estatutarios da entidade. Vai orientado a manter e continuar a incrementar a participación en iniciativas de colaboración das organizacións destinatarias da actividade do CETMAR. Por esta vía, contribúe á xeración e á transferencia do coñecemento, á prestación de servizos tecnolóxicos e favorece a materialización do seu impacto. |                                                                                                                                                                                                                                                              |
| A.1.1 Iniciar cando menos 5 novos proxectos ou servizos en colaboración nos ámbitos de actuación de CETMAR, nos que participen un mínimo de 2 de entidades galegas ou establecidas en Galicia.                                                                                                                                                                                                                                                                           | Facer vixilancia sistemática sobre convocatorias<br>Promover a formación e a participación en redes de colaboración e consorcios<br>Deseñar, redactar e orzamentar novos proxectos mantendo o foco no seu potencial interese e impacto en e/ou para Galicia. |
| A1.2. Contribuír á mellora na observación mariña en Galicia a través do 4 plataformas ou mostraxes no medio mariño.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Deseño e implementación de sistemas de observación mariña<br>Mantemento dos sistemas e infraestruturas de observación                                                                                                                                        |

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Deseño e mantemento da infraestrutura de datos derivada dos sistemas de observación instalados.                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| A.1.3 Manter a participación directa en cando menos 4 redes (autonómicas, nacionais e internacionais) relevantes no ámbito de traballo, no que interveñan industria, administracións, organismos de investigación, organizacións non gobernamentais, etc.                                                                                                                                                                                                     | <p>Documentar e difundir a participación en redes nas que CETMAR está actualmente implicado.</p> <p>Participar e documentar as reunións e actividades que teñan asociadas.</p> <p>Facer seguimento e valorar no Consello de Dirección da entidade, a posible incorporación do Centro en novas iniciativas de rede e as súas posibles implicacións.</p>                                                 |
| <b>A.2 Mellora do acceso ao coñecemento do mar e das actividades que del dependen</b><br>A comunicación, a divulgación e a formación, nos seus múltiples formatos son ferramentas imprescindibles de transparencia e rendición de contas diante da sociedade. Ademais son fundamentais para sensibilizar e mellorar a capacidade dos potenciais usuarios para intercambiar, absorber coñecemento e tecnoloxía e poder utilizala para mellorar a sostibilidade |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| A.2.1. Medios de comunicación e redes sociais: incrementar a presenza do traballo que se desenvolve en CETMAR e do coñecemento asociado, mediante a emisión de comunicacións aos medios ao longo do ano, establecendo unha progresión que permita acadar un mínimo de 18 comunicados no exercicio 2026 e alcanzar os 24 comunicados anuais no ano 2027.                                                                                                       | <p>Elaborar regularmente notas de prensa e difundir aos medios a actividade do CETMAR</p> <p>Manter de forma activa a presenza e participación de CETMAR en redes sociais</p> <p>Manter actualizada permanentemente a páxina web do CETMAR</p>                                                                                                                                                         |
| A.2.2. Organización de eventos (alcanzar un mínimo de 8/ano) e participación no programa de eventos programados por outras entidades (alcanzando 20 ao cabo de 2027), dirixíndonos por esta vía a diferentes tipos de público.                                                                                                                                                                                                                                | <p>Programar e poñer en común no CETMAR a axenda de eventos a desenvolver cada semestre</p> <p>Organizar, dar difusión e documentar a celebración de reunións e eventos en diferentes formatos, dende seminarios a congresos ou conferencias internacionais</p> <p>Facer seguimento e organizar internamente a participación de CETMAR en eventos de interese programados por outras organizacións</p> |

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A.2.3. Elaboración de material informativo, didáctico e divulgativo: elaboración de unidades anuais, incluídas as memorias de actividade do CETMAR, en diferentes formatos (contidos web, pósters, vídeos, infografías e material impreso), establecendo unha progresión que permita acadar un mínimo de 8 unidades no exercicio 2026 e alcanzar as 10 no ano 2027.                                                                                                                                                                                                                                                                            | <p>Planificar e documentar a elaboración de material divulgativo e informativo en diferentes formatos.</p> <p>Elaborar o material.</p> <p>Maximizar os esforzos de difusión utilizando a web, as redes sociais, os eventos, espazos accesibles ao público no propio centro, etc.</p>                                                                                                                                                              |
| A.2.4. Xeración e difusión de contidos dixitais: información dispoñible aos usuarios, establecendo un obxectivo de 90.000 no ano 2027.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | <p>Xeración e incorporación de novas entradas de información nas bases de datos e plataformas dixitais do CETMAR.</p> <p>Actualización e mantemento dos contidos existentes para garantir a súa calidade, actualidade e utilidade.</p> <p>Difusión dos contidos co obxectivo de incrementar os accesos e visitas ás bases de datos.</p> <p>Seguimento e análise das métricas de uso para optimizar a visibilidade e o impacto da información.</p> |
| <b>A.3. Anticipación, prospectiva e vixilancia do contexto.</b> <p>Para que o CETMAR poida realizar a súa labor resulta imprescindible que sistematice a vixilancia do que acontece na contorna que lle afecta, a evolución da ciencia e da tecnoloxía, o desenvolvemento xurídico normativo, a aparición de novas entidades, a evolución das preferencias e necesidades da sociedade, etc. Esta vixilancia sistemática resulta crítica para poder prestar asesoramento, orientar os novos proxectos, apoiar a toma de decisións e mesmo desenvolver ou contribuír á elaboración de estratexias sectoriais ou en ámbitos máis específicos.</p> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| A.3.1 Elaboración de polo menos dous informes de estratexia ou prospectivos a finais de 2027, promovidos dende outras entidades (administracións, organismos sectoriais, etc.), particularmente cando se trate de iniciativas das administracións.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | <p>Seguimento sistemático dos elementos de contorna que inciden na actividade do CETMAR: publicacións científicas, publicacións sectoriais, boletíns e webs de referencia, normativa e estratexias políticas, datos e informes sobre a evolución da economía; paneis ou <i>think tanks</i> internacionais como o IPPCC, IPBES, EMB</p> <p>Interaccións con expertos e diferentes grupos de actores interesados para</p>                           |

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <p>enriquecer os procesos de reflexión estratéxica.</p> <p>Realización e/ou resposta a consultas/inquéritos</p> <p>Elaboración de documentos de síntese dirixidos a segmentos de público específicos</p>                                                                             |
| A.3.2 Seguimento de iniciativas relacionadas coa gobernanza do mar non plano local, estatal, Europeo e internacional, sendo o obxectivo de chegar a 30 no ano 2027                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <p>Seguimento das iniciativas (a través das webs, boletíns de noticias, etc.)</p> <p>Asistencia a reunións/actividades relacionadas coa gobernanza con relevancia para os ámbito mariño e marítimo.</p> <p>Contribucións a procesos de consulta pública abertos ou restrinxidos.</p> |
| A.3.3 Organización e desenvolvemento de 12 xornadas, cursos, obradoiros e similares para tratar aspectos directamente relacionados coa gobernanza mariña, as actividades da economía do mar e transferir o coñecemento dispoñible aos usuarios, informando a toma de decisións.                                                                                                                                                                                                   | <p>Planificación das actividades, participantes e público.</p> <p>Preparación loxística (asistencia das persoas convidadas a presentar, espazos e medios físicos para o desenvolvemento das actividades, convite e rexistro do público).</p> <p>Elaboración de relatorios.</p>       |
| <b>A.4. Asistencia á labor das administracións</b> <p>A través de diferentes instrumentos, unha das principais labores do CETMAR é a de proporcionar servizos con base no coñecemento sobre o medio mariño, os recursos e as actividades de deles dependen para apoiar o desenvolvemento e a aplicación das políticas públicas. En particular, a través deste obxectivo o CETMAR desenvolve de xeito directo o seu papel como ente instrumental da administración autonómica.</p> |                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| A.4.1. Desenvolver O 100% das encomendas coa Xunta de Galicia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | <p>Identificación conxunta de necesidades.</p> <p>Elaboración de propostas técnico-económicas.</p> <p>Formalización das encomendas.</p> <p>Execución e seguimento.</p> <p>Entrega de resultados.</p> <p>Facturación.</p>                                                             |

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A.4.2. Manter anualmente un mínimo de 2 convenios de cooperación para actuacións en países terceiros.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Identificación conxunta de necesidades.<br>Elaboración de propostas técnico-económicas.<br>Formalización dos convenios<br>Execución e seguimento.<br>Entrega de resultados.<br>Xustificación.                                                                                                        |
| A.4.3. Prestar servizos directamente contratados por outras administracións (UE, Estados membros, etc.), cun obxectivo de execución do 100% dos encargos/servizos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Identificación conxunta de necesidades.<br>Elaboración de propostas técnico-económicas.<br>Formalización dos convenios ou contratos<br>Execución e seguimento.<br>Entrega de resultados.<br>Xustificación/facturación.                                                                               |
| <b>A.5. Reforzo das relacións institucionais</b><br>O CETMAR tense convertido nun organismo de referencia en facilitar e promover a relación entre diferentes axentes interesados no coñecemento e a tecnoloxía aplicables no seu ámbito de actuación. O ecosistema de entidades é un ecosistema dinámico e cómpre que a organización manteña os esforzos por establecer alianzas, apoios e mesmo nalgúns casos dar paso a ampliar a participación destas no seu principal órgano de decisión, como é o Padroado. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| A.5.1 Establecemento de convenios institucionais, memorandos de entendemento ou expresións de interese na colaboración con cando menos 1 organizacións durante o período de vixencia do Contrato programa.                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Promoción de CETMAR como entidade aberta á colaboración con múltiples institucións con intereses de traballo ou obxectivos comúns, complementarios e/ou afíns.<br>Formalización das colaboracións a través de convenios, cartas de apoio, memorandos de entendemento, etc.<br>Labores de seguimento. |
| A.5.2. Prestar servizo e establecer acordos de colaboración con outras entidades do ámbito privado (un mínimo de tres por ano), individuais e colectivas tanto para fins comerciais como sen ánimo de lucro,                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Identificación conxunta de necesidades.<br>Formalización dos convenios<br>Entrega de resultados.                                                                                                                                                                                                     |

| Obxectivos operativos                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Actividades principalmente asociadas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| sempre que estean aliñados cos obxectivos fundacionais de CETMAR.                                                                                                                                                                                                                                                                  | Xustificación.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>A.6. Capacitación e mellora dos procesos internos</b><br>O desenvolvemento da estratexia contemplada neste Contrato programa fai necesario abondar en mellorar a capacidade, os procesos e a organización do CETMAR para poder dar resposta e cumprir o conxunto dos obxectivos programados con eficiencia no uso dos recursos. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| A.6.1 Mellorar a capacitación a través da actualización do plan de formación interno no que participen como mínimo o 60% das persoas empregadas no CETMAR, cun mínimo de 6 accións formativas dirixidas a todos os traballadores no 2027 e un obxectivo de 25 enquisas de calidade de formación realizadas.                        | Identificación de necesidades e oportunidades formativas<br>Programación de actividades e confirmación de alumnado<br>Programación e procura de formadores<br>Xestión do “bono” de formación<br>Avaliación de resultados e aplicación na actividade do CETMAR.                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| A.6.2 Reorganización do equipamento, dúas servizos, procesos e procedementos internos para mellorar a estrutura organizativa e a eficiencia da xestión tanto técnica como administrativa e financeira do CETMAR, poñendo especial atención na mellora das capacidades dixitais, mantendo 1 por ano ata finais de 2027              | Determinación de funcións asociadas a cada posto de traballo.<br>Avaliación das oportunidades de mellora (sustentadas con razóns técnicas ou organizativas) a través do establecemento de mecanismos internos de mobilidade funcional, sexa temporal ou permanente.<br>Establecemento de sistemas de avaliación de desempeño e seguimento interno do cumprimento de obxectivos.<br>Avaliación sistemática do Contrato programa, identificación anticipada de riscos de incumprimento, valoración do impacto e establecemento de medidas de continxencia. |